

# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2017



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlmo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



## REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: I Rallymix Cuntis Vila Termal

PROVINCIA: Pontevedra

DATA: 11 e 12 de Marzo de 2017



# **I N D I C E**

## **TITULO I ....: PROGRAMA HORARIO**

## **TITULO II ...: ORGANIZACION**

Art. 1 Organización

## **TITULO III ..: MODALIDADES XERAIS**

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

## **TITULO IV ...: OBLIGACIONES XERALES**

Art. 8 Publicidade

## **TITULO V ....: DESENROLO DA PROBA**

Art. 9 Recoñecemento

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

## **PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I .....: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2017 (ANUARIO F.G.A.)**

**ANEXO II ....: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD**

**ANEXO III ...: TERMINOLOXIA**

**ANEXO IV ...: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES**

**ANEXO V ...: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE**

**ANEXO VI ...: ITINERARIO - HORARIO**

**ANEXO VII ...: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDADO RALLYMIX.**



## 1. PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
11/01/2017	10:00	Apertura de inscricións.	Escudería Cuntis Vila Termal Tel. 647931725 <a href="http://www.fga.es">www.fga.es</a> <a href="https://goo.gl/forms/IvzIXUiOCUtuOmkg1">https://goo.gl/forms/IvzIXUiOCUtuOmkg1</a>
08/03/2017	20:00	Peche de inscricións	
09/03/2017	18:00	Publicación lista de inscritos	
Sábado 11/03/2017	08:00	Apertura parque pechado/traballo	Ao caron Centro Medico Cuntis
	De 08:30 a 11:00	<b>Verificacións Administrativas:</b> <b>Mesa A:</b> Carcross <b>Mesa B:</b> Atmosféricos <b>Mesa C:</b> Turbos	Oficinas do Hotel Balneario Virgen
	De 08:30 a 11:30	<b>Verificacións Técnicas:</b> <b>Calle A:</b> Carcross <b>Calle B:</b> Atmosféricos <b>Calle C:</b> Turbos	Oficinas do Omix Cuntis - Parque Traballo
	De 09:00 a 11:00	<b>O recoñecemento libre só se autorizará o sábado pola mañá, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.</b>	<b>3 PASADAS MÁXIMO POR PARTICIPANTE</b>
	11:45	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	
	12:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma - la saída	Autobús FGA e Oficinas Omix
	12:30	Saída 1º participante 1ª pasada	Treito
	A Continuación	Saída 1º participante 2ª pasada	
	20:30	Hora Límite entrada Parque Pechado	Praza da Constitución
Domingo 12/03/2017	08:00	Apertura Parque Pechado	
	09:00	Saída 1º participante 3ª pasada	Treito
	A Continuación	Saída 1º participante 4ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 5ª pasada	
	16:00	Publicación de resultados	Autobús FGA e Oficina Omix
16:30	Entrega de premios e trofeos	Praza de Ferrol ou OMIX(Se Chove)	

**Nota: Levantamento vehículos parque pechados:** Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios.**



## **TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.**

Dende o día (Sábado) 11 de Marzo de 2017 as 08:00 horas, ata o día (Domingo) 12 de Marzo de 2017 as 16:30 horas estará situado no Autobús da F.G.A. e na Oficina do Omix, permanente do Rallymix, emprazado no parque de traballo - parque pechado.

## **2. ORGANIZACIÓN.**

### **Artigo 1. Organización.**

#### **Artigo 1.1. Definición:**

A Escudería Cuntis Vila Termal organiza o I Rallymix Cuntis Vila Termal que se desenvolverá desde os días 11 de Marzo ó día 12 de Marzo do ano 2017.

Este Rallymix disputarase acorde co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2017, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocrós, slálm, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 10-01-2017. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA - 002 - RX.

#### **Artigo 1.2. Comité de Organización:**

Presidente: D. DAVID CALVO COSTA

Vocais: D. PABLO RAUL ALONSO RIAL  
D. SERGIO IGLESIAS REBOREDO  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ FONTAN  
D. MARCOS MACEIRAS GUIMAREY  
D. ADRIAN CASCALLAR BUA  
D. SILVIA GARCÍA CASTRO

Secretario: D. JOSÉ MANUEL PAZOS FONTAN

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

C/ de Circunvalación don Aurelio nº 72 B  
36670 Cuntis - Pontevedra  
Tel. 618271096  
E - mail: [Escuderíacvt@gmail.com](mailto:Escuderíacvt@gmail.com)



### Artigo 1.3. Oficiais:

#### Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. DAVID CALVO COSTA DC1ª-0023-GA.

#### Comisarios Deportivos:

Presidente: D. DIEGO FERREIRA TRIÑANES CD1ª-0018-GA.

D. JOSÉ RAMÓN GONZALEZ VILLAR CD-0017-GA.

D. VICTORIANO GONZALEZ BOULLOSA CD-0015-GA.

#### Observador da F.G. de A.:

D. BENJAMIN CASTIÑEIRAS CASTRO OBS-0007-GA.

#### Director da Carreira Oficina/Autobús:

D. DAVID CALVO COSTA DC1ª-0023-GA.

#### Comisario Administrativas:

Dona. NATALIA A. SANTOS GALLARDO DC-0019-GA.

#### Comisario Técnico:

Presidente: D. CRISTOBAL SIERRA CASTRO JOC1ª-0025-GA.

D. IGNACIO JOSÉ DAVILA ESTEVEZ OC-0016-GA.

#### Relación cos Participantes:

Dona MERCEDES PAZOS FONTAN DC-0024-GA

#### Responsable Equipos Cronometraxe:

D. DAVID SIERRA CASTRO JOB-0021-GA.

#### Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. MIGUEL ANGEL COUTO FUENTES CD1ª-0020-GA.

#### Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

D. JOSÉ MANUEL PAZOS FONTAN CD1ª-0022-GA.

#### Vehículo "00" (ESCOBA):

D. JOSE RAMON SIERRA FREIRE DC1ª-0026-GA.

#### Servizo vehículos de rescate:

Team Medical Sport

#### Vehículos de rescate con Equipos de Excarcelación en Treito:

AVPC Cuntis, AVPC Catoira, AVPC Moraña, AVPC Vilagarcía de Arousa

#### Servizo informático:

Escudería Cuntis Vila Termal

#### Servizo de ambulancias:

Ambulancias Pontevedra

#### Centros asistenciais:

Hospital Miguel Domínguez

Complexo Hospitalario de Pontevedra

#### Servizo de grúas:

Desguaces Leiro e Auto Ocasión Leiro

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1ª, expedida pola F.G. de



A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

### **3. MODALIDADES XERAIS.**

#### **Artigo 2. Puntuabilidade.**

O I Rallymix Cuntis Vila Termal é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de Rallymix para Pilotos.
- Copa de Galicia de Rallymix para Copilotos.
- Copa de Galicia de Rallymix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de Rallymix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de Rallymix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de Rallymix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de Rallymix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de Rallymix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- 4ª Copa Pirelli K6 2017.

#### **Artigo 3. Descrición.**

O I Rallymix Cuntis Vila Termal consta dun percorrido de 13,940 Kms., dos cales 11,460 Kms. corresponden a treitos cronometrados por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario - Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folla de ruta consta detallado o percorrido. O Rallymix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

#### **Artigo 4. Vehículos admitidos.**

4.1. - En tódolos Rallymix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- . - Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2017 serán admitidos a participar.
- . - Os vehículos de Montaña das Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5, ó selo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- . - Os vehículos de autocrós das Clases I, II, III e IV.
- . - Os quad biprazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na agrupación 1, saíndo despois dos Carcross e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- . - Os Carcross, da especialidade de autocrós, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral Scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.



4.2. - Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turbo alimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3. - Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.

4.4. - **CLASES:**

**CLASE "A":**

**AGRUPACIÓN 1:** Vehículos Carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A.

**CLASE "B":**

**AGRUPACIÓN 2:** Vehículos ata 1.600 c.c.

**AGRUPACIÓN 3:** Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

**AGRUPACIÓN 4:** Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

**AGRUPACIÓN 5:** Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

4.5. - A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

**Artigo 5. Concursantes admitidos.** Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2017 publicado pola Federación Galega de Automobilismo. Tódolos pilotos deberán ter o Carnet de conducir en vigor.

**Artigo 6. Solicitud de inscricións.**

6.1. - Toda persoa que desexe participar no I Rallymix Cuntis Vila Termal deberá remiti - la solicitud de inscrición, debidamente cumprimentada, na Paxina Web da Federación Galega de Automobilismo.

<http://www.fga.es>

<https://goo.gl/forms/IvzIXUiOCUtuOmkq1>

**AS INSCRIPCION DEBERAN FACERSE E ABONARSE ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 08 de MARZO do 2017. "*Todo aquel piloto cuya asistencia sexa un camión, autobus ou de dimensións similares, debera comunicalo unha vez inscrito para a sua ubicación. 647931725*"**

6.2. - O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3. - Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos seguinte maneira:

. - Na conta corrente nº **ES48 2080 5029 1830 4001 0115** de ABANCA Sucursal de CUNTIS.



6.4. - Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5. - A orden de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos, e dos dereitos de participación adquiridos.

## Artigo 7. Dereitos de inscrición seguros.

7.1. - Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1. - **275,00 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2. - **550,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2. - A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3. - Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.


## 4. OBRIGACIÓNS

### XERAIS.

## Artigo 8. Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

### Obrigatoria



### Facultativa

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva - los emprazamentos seguintes (segundo a normativa da F.G.A.):



**5. DESENROLODA PROBA.** O desenrolo do Rallymix terá dúas mangas de recoñecemento libre o sábado, de 9 a.m. a 11a.m., con controis de radar non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 Quilómetros/hora. e cinco oficiais a disputar entre sábado e o domingo, sumando as cinco mangas oficiais para obter a clasificación final do Rallymix (asfalto-terra).

#### **Artigo 9. Normas, duración e clasificación da proba.**

9.1. - O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros (a F.G. de A. por motivos de seguridade, ou interese, poderá autorizar modificacións puntuais no quilometraxe).

Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto - terra, ou terra - asfalto.

9.2. - Obrígase que a saída e a chegada fágase en asfalto, pola saúde e pulcritude dos cronometradores, das impresoras de cronometraxe, e vistosidade.

9.3. - O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4. - O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no Rallymix. Por operatividade o número de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, e o domingo de 3/2. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a Exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión.

9.5. - Nun Rallymix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6. - Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocrós, car cross, trial 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7. - Entregarase, en tódolos Rallymix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra - asfalto. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba.

9.8. - **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.

9.9. - As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.

9.10. - Sinalización, montaxe e seguridade segundo as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocaranse as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11. - Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

#### **Artigo 10. Recoñecementos:**

10.1.1. - Os recoñecementos libres quedan limitados a dúas pasadas polo treito en horario taxado.



10.1.2. - A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 €, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3. - A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA - LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4. - Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5. - Si unha Escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6. - Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub - Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias(D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7. - O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, debidamente licenciado e acreditado, que fará partes dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da proba.

10.1.8. - A Federación Galega de Automobilismo designará dous Comisarios / Controladores, debidamente licenciados e acreditados, con poderes sancionadores (radar).

10.1.9. - Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.10. - Os recoñecementos libres só se autorizaran o sábado pola mañá, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.

10.1.11. - Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.12. - Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos os efectos, e apertura de expediente disciplinario.

## **Artigo 11. Carreira.**

2.1. - A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito no parque de traballo - pechado.

2.2. - O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición

farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB.

2.3. - Saída: O xefe de posto, ou calquera dos Comisarios Técnicos, encargaranse de situar o vehículo e de comprobar as medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL - 920, se o tempo



transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL - 920) ata o instante de activación da cronometraxe.

2.4. - A saída darase lanzada, entre dous e cinco metros por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebase a célula.

2.5. - Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 20 segundos, coa salvidade de que senón sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada.

2.6. - Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

2.7. - Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, da Agrupación a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no Rallymix. Poráselle o peor tempo do derradeiro participante clasificado nas mangas das incidencias sen ningún tipo de penalización ou accidente. Para aparecer na clasificación final terase que completar alúmenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

2.8. - Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, ou impedimento de paso doutro vehículo outorgaráselle o tempo da súa peor pasada. De non existir será a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, ou o peor tempo da súa Agrupación sendo obrigatorio o paso por meta.

2.9. - De saír na última manga e non chegar a meta darase o tempo do peor clasificado da súa Agrupación.

2.10. - Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque de traballo sen deterse no enlace, sopena de EXCLUSIÓN

2.11. - Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

## **Artigo 12. Parques.**

1. - O parque pechado, e parque de traballo, poderán ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do Rallymix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado. En caso de que o parque pechado estea noutra ubicación, o organizador debera ter os medios suficientes para garantir o desprazamento dos vehículos dende o parque pechado ata o parque de traballo.



2. - Parque de presáida deberá estar delimitado e considerarase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

### Artigo 13. Hora oficial do Rallymix.

1. - Durante o transcurso do Rallymix, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania).

2. - Os Comisarios Deportivos designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. Entregarán ó Relación cos Participantes, antes do comezo da manga, o carnet de ruta a cada participante con sinatura de recibí. A aplicación faise para axilizaro Rallymix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

### Artigo 14. Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no Regulamento - Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2017.

### Artigo 15. Premios.

<b>XERAL SCRATCH "CLASE A"</b>		
<b>AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)</b>		
<b>A. - SI SAEN ATA 15 VEHÍCULOS</b>		<b>B. - SI SAEN MAIS DE 15 VEHÍCULOS</b>
1º 500 € e Trofeo		1º 600 € e Trofeo
2º 400 € e Trofeo		2º 500 € e Trofeo
3º 250 € e Trofeo		3º 350 € e Trofeo
4º 150 €		4º 200 €
		5º 150 €
<b>TOTAL: 1.300,00 €</b>		<b>TOTAL: 1.800,00 €</b>
<b>XERAL SCRATCH "CLASE B" AGRUPACIÓN 2, 3, 4 e 5</b>		
<b>XERAL</b>	<b>SI SAEN ATA 60 VEHÍCULOS CARROZADOS</b>	
	<b>PREMIOS POR CILINDRADAS</b>	
1º 500,00 € e Trofeo	<b>ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)</b>	<b>MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)</b>
2º 400,00 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
3º 300,00 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
4º 250,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
5º 200,00 €		
6º 150,00 €		
7º 100,00 €	<b>MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)</b>	<b>MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)</b>
8º 100,00 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
<b>TOTAL: 2.250,00 €</b>	<b>TOTAL: 2.400,00 €</b>	
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.650 EUROS.</b>		
<b>XERAL</b>	<b>SI SAEN + 60 VEHÍCULOS CARROZADOS</b>	
	<b>PREMIOS POR CILINDRADAS</b>	
1º 750,00 € e Trofeo	<b>ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)</b>	<b>MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)</b>
2º 600,00 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
3º 500,00 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
4º 400,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
5º 350,00 €		
6º 300,00 €		
7º 250,00 €	<b>MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)</b>	<b>MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)</b>
8º 200,00 €	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo



9º 150,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
<b>TOTAL: 3.600,00 €</b>	<b>TOTAL: 3.200,00 €</b>	
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 6.800 €UROS.</b>		

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

Don DAVID CALVO COSTA, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª - 0023 - GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba  
N.I.F.: 77400940Y  
licenza DC1ª - 0023 - GA

Entidade: Escudería Cuntis Vila Termal  
C.I.F.:G94150026  
Asdo.: Presidente D. David Calvo Costa  
Licenza DC1ª - 0023 - GA



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial  
N.I.F.: 76828441T  
licenza CD1ª - 0020 - GA

**PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**  
**REUNIÓN DATA HORA LUGAR**

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	11 de Marzo do 2017	08:00	Sala de Reunións de Comisarios Deportivos sita no Autobús da F.G.A.
2ª		12:00	
3ª		15:00	
4ª	12 de Marzo de 2017	08:00	
5ª		16:00	



## ANEXO I

### **RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS, RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:**

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2017 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa licenza Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.

2.- Por acordo Asembleario, do 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbera lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionarnos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2017, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, Rallymix, autocrós, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, sláalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2017, inclusive, serán considerados "OPEN".

### **ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA**

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro DE 2015.

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro DE 2015, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en tódalas expedicións da "licenza Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2017, sexan considerados "Open". Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obrigatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenza federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumprira o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro DE 2015 no C.S.D.**

4-O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2017, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumpran o acordo de unificación do prezo de licencias **establécese en 190 euros.**



5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restricción.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2017, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

**7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal** do incumprimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "licenza Autonómica Única", **a apartación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindade civil aos exclusivos efectos da expedición de licenza pola Federación Autonómica correspondente.**

**9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.**

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nin admitidas, nin forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nin poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que outorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, estas outorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elixible, nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"

## ANEXO II

### FOLLAS DE RUTA (ROADBOOK) STANDARD

#### CONDICIONS OBRIGATORIAS

1. - O sentido de lectura será de arriba abaixo.
2. - A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
3. - Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (aló menos en dous idiomas en probas internacionais).
4. - Indicarase unha referencia para calibrar o conta - quilómetros.
5. - Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
6. - Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.



7. - Cada información será numerada e separada da seguinte por unha línea horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
8. - As informacións moi próximas, e dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
9. - Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
10. - Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicaranse con precisión a localización dos controles.
11. - As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
12. - Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si aí un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
13. - A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
14. - Cada sector comezará nunha páxina nova.
15. - Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
16. - En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
17. - Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
18. - Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
19. - A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
20. - Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
21. - As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
22. - Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



23. - A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

### **SUXERENCIAS:**

1. - Indica - la velocidade media dos treitos de enlace.
  2. - Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallymix.
  3. - Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbán).
  4. - Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de línea vertical.
- Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.





















# MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROADBOOK)



## ROAD BOOK

### | RALLY MIX CUNTIS VILA TERNAL

P, KM, DISTANCIA TC, 11,460	FOTO TERRESTRE DE TRAMO SIMULACION DE LA DIRECCION A SEGUIR	INFORMACION					
<b>P, KM, TRAMO</b>  <b>1,540</b>		42° 38' 36" N 8° 34' 0" W 	SEGUIMOS AL FRENTE				
K.M. A META 9,920 K.M. PARCIAL 0,180							
<b>P, KM, TRAMO</b>  <b>1,880</b>		42° 38' 48" N 8° 34' 3" W 	CONTINUAMOS POR LA IZQUIERDA PISTA MAS ANCHA DE TIERRA				
K.M. A META 9,580 K.M. PARCIAL 0,340							
<b>P, KM, TRAMO</b>  <b>1,960</b>		42° 36' 53" N 8° 41' 9" W 	NOS INCORPORAMOS A DERECHA				
K.M. A META 9,500 K.M. PARCIAL 0,080							
<b>P, KM, TRAMO</b>  <b>2,340</b>		42° 36' 56" N 8° 33' 50" W 	<b>!!!</b> <b>OJO DOBLE CAMBIO DE TERRENO,</b> SALIMOS PISTA DE TIERRA, ENTRAMOS EN 20 mts ASPALTO Y NOS VAMOS EN CRUCE A DERECHA EN PISTA TIERRA <u>OJO SACOS DE</u> <u>ARENA DEL FUENTANDO TRAFICADO</u>				
K.M. A META 9,120 K.M. PARCIAL 0,380		CAMBIO TIERRA-ASPALTO ASPALTO =TIERRA					
<b>P, KM, TRAMO</b>  <b>2,480</b>		42° 38' 52" N 8° 33' 48" W 	ABANDONAMOS LA PISTA ANCHA PARA SEGUIR A IZQUIERDA CAMINO ESTRECHO				
K.M. A META 8,980 K.M. PARCIAL 0,140							
	<b>PUNTO MEDICION</b> 	<b>CAMBIO TIERRA</b> 	<b>OTRA ASPALTO</b> 	<b>SENTO REGULACION</b> 	<b>NO SEGUIR</b> 	<b>SALIDA META</b> 	PAB : 4



## ANEXO III

### TERMINOLOXIA

<b>Sector de enlace</b>	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
<b>Sección</b>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none"><li>- entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento.</li><li>- entre dous reagrupamentos sucesivos.</li><li>- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallymix.</li></ul>
<b>Etapa</b>	Cada unha das partes do Rallymix separadas por unha parada de aló menos oito horas, ou por unha parada aló menos igual á duración do percorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
<b>Neutralización</b>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<b>Reagrupamento</b>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<b>Parque Pechado</b>	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
<b>Complemento</b>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
<b>Carnet de Control</b>	Carnet destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carnet debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carnet de control distinto para cada unha das seccións.
<b>Treito cronometrado</b>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

## ANEXO IV

### ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

#### MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e convinte:



- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

### **PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA**

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallymix (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do Rallymix).

### **Función**

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenvolvemento da proba.

### **Finalidade**

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa - las dudas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

## **ANEXO V**

### **1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE**

**a) Plan de Seguridade:** Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.



- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urxencia.
- Bombeiros.
- servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

**b) Xefe de Seguridade Vial:** No Regulamento particular do Rallymix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade. Durante o Rallymix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

**c) Control:** O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

## 2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

**a) servizos de asistencia:** Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 vehículo de rescate.
- 2 ambulancias equipadas. (2 UVI Móbil).
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

Dacordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Asimesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

**b) Medidas preventivas. Sinalización:** As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

**Intervención:** Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.



**Información:** Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Tablóns con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

**c) Vixilancia:** Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 Cm x 50 Cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación ao menos cada 3 Kms), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

**d) Evacuación:** Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

**3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE:** O itinerario - horario deberá ter en conta as dificultades de circulación ea travesía de poboacións e cidades.

O conductor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.

## ANEXO VI

PROBA : I RALLYMIX CUNTIS VILA TERMAL

## ANEXO VII

### CARAVANA RALLYES:

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

**Megafonía:** Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

**Xefe de Seguridade Treito:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete - lo cerre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.



**Observador Federación:** Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

**Xefe de Seguridade Vial:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

**Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde):** Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do Rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

**Vehículos participantes:** Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

**Xefe de Seguridade Treito:** Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenvolvemento do treito.

**Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello).** Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

**Advertencia:** Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do quedando terminantemente prohibido utilizalos, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuarnos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

**Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos:** En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA - CD1ª ou GA - XOC1ª, obrigatoriamente.

**Nova normativa Comisarios Técnicos:** Despois de finalizada a súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudo das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura - recibi da entrega na copia.

